

A close-up photograph of a person's face, specifically their eyes and nose, framed within a circular opening of a light-colored, woven wicker chair. The person has dark hair and is looking directly at the camera. To the left, a small white flower with yellow centers is partially visible.

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2022

CEGASAL. Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro

Relación de actividades realizadas pola asociación empresarial galega de centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, CEGASAL, durante o período xaneiro a decembro de 2022



CEGASAL



I. Benvido/a a esta memoria

A integración das persoas con discapacidade no mercado laboral é un dos principais obxectivos das políticas de emprego, sendo prioritario o seu acceso ao mercado laboral ordinario, realizando accións que actúen contra os problemas de discriminación, a eliminación de barreiras de entrada e polo incentivo e sensibilización do empresariado.

Máis existe un espazo propio denominado emprego protexido, no que o papel dos centros especiais de emprego é imprescindible, para xerar oportunidades laborais a persoas con discapacidade que non acceden ao mercado laboral, xerar oportunidades de tránsito e profesionalización e desenvolvemento de capacidades, e permitir o dereito ao traballo dun gran número de profesionais.

Estes espazos son a día de hoxe un motor de emprego, riqueza e crecemento sostible, representativo da economía social que debe ser potenciado e profesionalizado, así como apoiado por organizacións creadas para representar e defender estas iniciativas.

Sendo Galicia unha das comunidades autónomas que apostan por un emprego protexido de calidade e diferenciado, ao distinguir aos centros especiais de emprego de iniciativa social no seu rexistro, é necesario que as organizacións creadas polas citadas iniciativas ocupen parte das súas actividades a poñer en valor os principios, valores e modos de traballar das mesmas.

Un ano máis, Cegasal, consciente das dificultades que atravesan as iniciativas asociadas, apostou por continuar ao seu lado, priorizando aspectos que xeran entornos más favorables para os centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo, tanto nos aspectos comerciais, como institucionais, comunicativos e promocionais.

CEGASAL continua traballando como o ben facendo ata estes momentos, pasiño a pasiño, para fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en risco de inclusión social e para que toda a actividade económica, social e empresarial de Galicia poda medrar dun xeito máis sostible, xusto e equitativo.



José Antonio Vázquez Freire

Presidente de CEGASAL



II. Sobre CEGASAL

CEGASAL é unha asociación empresarial galega aglutinadora de centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e/ou de asociacións de persoas con discapacidade. **O seu fin é a defensa, promoción e representación** das entidades. A súa loita, á fin e ao cabo, é a do **emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social e a súa inclusión na actividade económica, social e empresarial de Galicia**.

CEGASAL nace no ano 1997 pola necesidade dun grupo de entidades do Terceiro Sector do movemento asociativo de persoas con discapacidade, de dar resposta ás necesidades de emprego do colectivo. Para o cal puxeron en marcha un conxunto de iniciativas empresariais de iniciativa social e emprendemento colectivo, baixo o amparo legal previsto na Lei de Integración Social das Persoas con Discapacidade, actualmente refundida xunto con outras normas que proclaiman e protexen os dereitos das persoas con discapacidade, no Real Decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Así, un grupo de cinco centros especiais de emprego decidiron constituir esta asociación empresarial.

Os CEE son un entorno laboral concibido e deseñado especificamente para as persoas con discapacidade, onde as funcións e tarefas desenvolvidas adecuáñanse a súa situación e necesidades. Os CEE deben contar nos seus cadros de persoal con, al menos, un 70% de persoas empregadas con algúnsa discapacidade recoñecida.

O seu obxectivo principal é de realizar unha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado e teñen como finalidade o asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade.

A finalidade dos centros especiais de emprego é asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade, á vez que ser un medio de inclusión do maior número de persoas no réxime de emprego ordinario. E esta finalidade alcánzase mediante a realización no centro especial de emprego dunha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, a través da prestación de servizos de axuste persoal e social que requirán as persoas traballadoras con discapacidade do centro, segundo as súas circunstancias e características.

CEGASAL ten unha estrutura similar a de calquera asociación empresarial, pero as persoas integrantes responden á misión da organización.

CEGASAL conta con instalacións na rúa Dublín, 3, Baixos, 15707 en Santiago de Compostela, cun despacho habilitado e equipamento informático, así como autorización de uso da liña telefónica, acceso a internet e unha centraliña compartida.

Entre as **funcións** que desenvolve CEGASAL atópanse:

1.- Representar aos seus asociados, defendendo e promocionando os seus intereses profesionais, laborais, económicos e sociais, ante as Corporacións, Sindicatos, Organizacións Empresariais, Administracións Públicas ou calquera outra organización que, no seu caso, proceda e subscribir acordos coas mesmas e cos demais interlocutores sociais en calquera materia relacionada co seu ámbito.

2.- Negociar e acordar co resto de interlocutores sociais, en nome dos seus asociados e con plenas facultades, marcos xerais de referencia de relacións laborais e convenios colectivos que pretendan a ordenación xurídico laboral do sector que constitúe o ámbito funcional desta Asociación, apoiar ás empresas individuais e entidades agrupadas asociadas nos seus procesos de negociación particular de convenios e coordinar as accións que se desenvolvan con outras plataformas na negociación colectiva sectorial.

3.- Promover conflitos colectivos e calquera outras accións xudiciais ou extraxudiciais, en defensa dos intereses xerais dos seus asociados e apoiar a estes en situacións de conflito.

- 4.- Promover e fomentar a boa xestión da responsabilidade social das entidades e organizacións que a integran a fin de que estas poidan manter os seus principios éticos e traballar cunha calidade adecuada
- 5.- Prestar asistencia técnica e xurídica aos seus asociados así como fomentar e promover o desenvolvemento económico, a plena eficacia técnica, comercial, a competitividade das entidades afiliadas e a súa participación nas accións sectoriais, xeográficas e institucionais relacionadas coas actividades que lles son propias.
- 6.- Promover, desenvolver e fomentar actividades e plans de formación para os seus asociados que fomenten a aprendizaxe organizacional destes así como das competencias directivas e profesionais necesarias.
- 7.- Calquera outra actividade que se considere necesaria e teña vinculación cos intereses e fins que lle son propios.



Aspamadis

A fortaleza de CEGASAL reside nas súas entidades asociadas. Na actualidade contamos con **31 entidades asociadas**, centros especiais de emprego e iniciativa social de cinco sectores diferenciados (servizos, restauración, medio ambiente, automoción e outros).

As nosas entidades representan un total de **2.156 persoas traballadoras**, das cales **1.938 son persoas con discapacidade**. Do total de empregados/as das nosas entidades, 1.304 son homes e 852 son mulleres. Facendo unha análise por sexo das persoas empregadas con discapacidade, 1.249 son homes e 689 son mulleres.



2.156 PERSOAS

TRABALLADORAS

40% MULLERES

60% HOMES

**89% PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**


35% MULLERES

65% HOMES

Segundo os datos en posesión deste organismo, na comunidade autónoma galega existen, a xuño de 2021, un total de **125 empresas inscritas como CEE**. Tal e como se observa na Gráfica 1, 64 empresas son CEE ordinarios e 50 obtiveron , ademais, a cualificación de SAL, o que acredita que cumpran as tres condicións requiridas para isto e xa mencionadas: (1) que o patrimonio do centro, ten carácter de irrepartible, excepto a favor de entidades da mesma tipoloxía; (2) que o titular do centro ten como finalidade primordial a integración de persoas con discapacidade en CEE; e (3) o reinvestimento dos posibles beneficios ou excedentes no propio CEE ou noutros que carezan de ánimo de lucro.

Observamos que do total de centros especiais de emprego rexistrados, 50 pertencen a entidades de iniciativa social, dos cales 32 pertencen a CEGASAL, case un 65% do total.

Gráfica 1: Centros Especiais de Emprego en Galicia



Atendendo á súa distribución polo territorio, é a provincia da Coruña a que conta cun maior censo de CEE -aportando o 50% do total- sendo tamén a provincia que concentra un maior número dos cualificados como SAL, pois o 70% contan con enderezo nesta provincia, concretamente 20 dos CEEis asociados a CEGASAL están ubicados na provincia da Coruña. En canto ao número de entidades inscritas, séguelle a provincia de Pontevedra con 5 CEEis asociados. No outro extremo, as provincias galegas con menor número de CEE son a de Ourense e Lugo que só conta con 3 asociados cada unha.

Se se analizan os centros de traballo, Galicia suma 140, o que significa que de media cada empresa conta con 1,27 centros de traballo na comunidade. A súa localización no territorio correspóndese case simetricamente co número de CEE por provincia.

Se atendemos os centros de traballo dos CEEis asociados a CEGASAL conta con 3 centros situados na provincia de Lugo, 8 centros situados na provincia de Ourense, 8 centros situados na provincia de Pontevedra e 41 situados na provincia da Coruña, polo tanto 60 centros de traballo en toda a autonomía.

Se se atende á data de inscrpción no rexistro pódese indicar que Galicia conta cun censo de CEE novo, no que se observa que a meirande parte das organizacións ten unha antigüidade inferior a vinte anos, ao situarse o seu nacemento despois do ano 2000. Destaca o ano 2017 por ser o exercicio no que se inscribiron un maior número de empresas: un total de once.

III. Asociados

ACCEDE SOCIAL

Servizos | Transporte

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a ofrecer servizos de transporte adaptado, posibilitando a mobilidade de grupos de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

Centros de traballo:

- Rep.Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
- Avenida de Toleira, nº 42 - Edificio Usos múltiples - Neda
- Hospital Rebullón, s/n Puxeiros, Mos, Pontevedra

ACTIVA SOCIAL ETT

Servizos | Emprego e colocación

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social de traballo temporal, que ofrece solucións de contratación temporal ás empresas de Galicia que buscan integrar persoas con discapacidade nos seus cadros de persoal.

Centros de traballo:

- Rúa Dublin,3, Baixo, Santiago de Compostela, A Coruña

AIXIÑA

Varios | Servizos socio-sanitarios, restauración e talleres de montaxe

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que realiza tres liñas de servizos diferenciados: prestación de servizos socio-sanitarios, servizos de restauración en locais e a domicilio e talleres de montaxes.

Centros de traballo:

- c/ Recaredo Paz, 1, (Finca sevilla), Ourense
- Praza Maior, 12, Ourense

AMBAR ACCIÓN SOCIAL

Servizos | Asistencia persoal

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización, realización e xestión de servizos de asistencia persoal.

Centros de traballo:

- Lugar de granxa, nº5 san Roque, Ribeira, (A Coruña)
- Rúa Castelao, 5 15940 A Pobra do Caramiñal

ANDAINA PRO SAÚDE MENTAL

Alimentación e restauración | Elaboración de sidra, zumes e pulpas naturais

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que busca a inserción laboral de persoas con enfermidade mental residentes nas áreas rurais da comarca Ulla-Sar e a Mancomunidade de Ordes.

Centros de traballo:

- Lugar de Vigo,138, Dodro, A Coruña, CP:15981

ARTEGALIA

Varios | Loxística

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á distribución especializada en mascarillas, embalaxes, roupa laboral, EPIS, produtos químicos, traballos de manipulación, empaquetados, etc.

Centros de traballo:

- C/Parroquia de Cortiñán, Parcela I-9 - Pol. Industrial de Bergondo
CP: 15165 Bergondo, A Coruña

ASOCIACIÓN COMPOSTELÁ DE AUTOTAXI

Servizos | Transporte

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a proporcionar ás persoas usuarias servizos de transporte adaptado de taxi, a través da central de Radiotaxi na área de Santiago de Compostela.

Centros de traballo:

- Praza Camilo Diaz Baliño, s/n, 15704, Santiago de Compostela

ASPMADIS

Medio ambiente | Xardinería e limpeza

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a actividades de xardinería e limpeza mediante a integración de persoas con discapacidade intelectual.

Centros de traballo:

- Praza 1000, baixo, 3, local 2, Ourense

COMBINA SOCIAL

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á organización de servizos auxiliares para empresas como: recepción, limpeza, conserxería, control de accesos, loxística, procesos industriais e consultaría especializada en accesibilidade universal.

Centros de traballo:

- R/ Dublín, 3, Baixos - 15707 Santiago de Compostela

- Edificio Cadoiro Centro de Negocios - R/ Rep. Checa, 52 - P.E. Costa Vella - 15707 Santiago de Compostela

GES

Servizos | Consultaría, benestar e auxiliares

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xestión empresarial e consultaría.

Centros de traballo:

- Rep.CHecha, 17-P.E. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña

DIXARDIN

Medio ambiente | Xardinería e paisaxismo

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos integrais de xardinería e paisaxismo.

Centros de traballo:

- LG. A Pedra - Nanton, Cabana de Bergantiños, A Coruña
- Lugar de Raíces, nº 1 - 15866 Ames, Santiago, A Coruña
- LG. A Robaleira - Abelleria, Muros, A Coruña
- LG. Ponte do gato - Rendal, Arzúa, A Coruña

EMPREGO SOCIAL

Varios | Xardinería, limpeza e cerámica

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social vinculado á Asociación Prol Enfermos Mentais da Coruña que conta con catro liñas: xardinería, producción de plantas de tempada, limpeza viaria e de instalacións e modelaxe en cerámica.

Centros de traballo:

- Rúa das Rúas,3,Baixo Cambre, A Coruña

ERIT

Medio ambiente | Xardinería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro da Asociación Itinera, voluntarios en saúde mental, dedicado ao traballo de xardinería e mantemento de zonas verdes e dirixido á inserción laboral de persoas con trastornos mentais.

Centros de traballo:

- C/ República Argentina, 22, 5º izq, Santiago de Compostela

COREGAL

Medio ambiente | Xestión de residuos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social fundado en 1994. Dedícase á xestión integral de residuos para a redución, reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos non perigosos, minimizando o depósito en vertedoiros.

Centros de traballo:

- Rep. Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela
- Polígono espiñeira, Parc. 28, Boiro, A Coruña
- C/. Titanio, D 5 - Pol. Bertoa, Carballo, A Coruña
- Rúa Baloutas de Abaixo, 14 - PI de Veigadaña, 36416 Mos

ILUNION RETAIL E COMERCIALIZACIÓN

Varios | Venda de prensa e outros

CEE especializado en tendas de prensa local, nacional e internacional, revistas de divulgación xeral e específica, libros e agasallos. Situadas en centros hospitalarios de España.

Centros de traballo:

- C/ Estrada San Pedro - Catabois s/n Ferrol A Coruña)
- C/ Meixoeiro, s/n, C.P. 36200 Vigo (Pontevedra)

- Estrada Clara Campoamor, 341, C.P. 36312 Vigo (Pontevedra)
- C/Ramón Puga Noguerol, 54 Edif. Hospitalización - Interior del hospital, Ourense

HORNOS LAMASTELLE

Alimentación | Elaboración de empanadas e sobremesas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector da alimentación, dedícase á fabricación e distribución de empanada galega, Torta de Santiago e biscoitos.

Centros de traballo:

- Adv./ Rosalia de Castro, 12, A Coruña
- Establecemento de venda directa: R/ Juan Flórez, nº 134, A Coruña

I-LAB

Varios | Xoiería

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á xoiería e artesanía galega ademais de realizar un servizo de transporte adaptado para persoas con mobilidade reducida.

Centros de traballo:

- C/ Rafael ALberti,10, Baixo, A Coruña 15008.

GRAFINCO

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño especializado e impresión cunha ampla gama de produtos gráficos sobre todo tipo de soportes.

Centros de traballo:

- Rúa da Luz, 4 - FINGOI, LUGO

ILUNION CEE OUTSOURCING, S.S

Varios | Servizos gráficos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao deseño e xestión de proxectos de *outsourcing* en procesos intensivos en man de obra, implantando solucións innovadoras.

Centros de traballo:

- C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña

ILUNION LAVANDERÍA

Servizos | Lavanderías industriais

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á adquisición, tenencia, subministro, aluguer de todo tipo de roupa e lenzaría e a explotación comercial de lavanderías industriais, así como á promoción, dirección, xestión e administración de centros especiais de emprego, promoción laboral de persoas traballadoras con discapacidade, que teñan como obxecto principal a explotación comercial de lavanderías industriais.

Centros de traballo:

- C/ Vía Pasteur, 17 (P.I. Tambre), C.P. 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

ILUNION LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE

Medio ambiente | Limpeza

CEEIS dedicado a executar plans globais para a limpeza de todo tipo de instalacións, entre as que destacan edificios e locais, hipermercados e grandes superficies, centros hospitalarios, centros educativos e

instalacións deportivas, fábricas e grandes cadeas de montaxe.
Infraestruturas do transporte: portos, aeroportos e ferrocarrís.

Centros de traballo:

- C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña
- C/ San Roque, 31-33, Lugo
- C/ Alameda Do Cruceiro, 9, Ourense
- Gran vía, 16, Vigo

ENTRELAMPO

Agricultura | Ovos campeiros

Centro Especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado ao sector agro-alimentario

Centros de traballo:

- Casa Reitoral de Marrozos, Lugar de Ardagán, Sta. María de Marrozos, Santiago de Compostela, 15893

SERVILAR

Servizos | Limpeza, lavandería industrial e manipulados

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social promovido pola Fundación Lar que nace co obxectivo de empregar a persoas con Trastorno Mental Grave (TMG) (limpeza, lavandería industrial e manipulados).

Centros de traballo:

- Rúa Muíño novo, Nº3, Vilagarcía

INSERTA EMPLEO

Servizos | Emprego e colocación

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado aos recursos humanos da Fundación ONCE.

Centros de traballo:

- Praza de Europa 15 A -2^a planta (CC Area Central) 15707 Santiago de Compostela
- C/ Gran Vía, 16, C.P. 36203 Vigo (Pontevedra)

INTEGRATEX

Varios | Téxtil e complementos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social que consta de tres franquías de INDITEX que comercializan produto *outlet* (Massimo Dutti, TEMPE e Pull& Bear), xestionadas por persoas con discapacidade.

Centros de traballo:

- C/ Fonteiriña, 4, Allariz, Ourense
- C/ Fonteiriña, 5, Allariz, Ourense
- C/ Real, Nº 82 Ferrol, A Coruña

ILUNION SERVIZOS INDUSTRIAIS

Automoción | Loxística e ensamblado de pezas

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social do sector auxiliar da automoción dedicado á inxección de plásticos e forrado de compoñentes de vehículos.

Centros de traballo:

- Rúa 11, nave 6 esquerda Polígono Industria, San Cibrao das Viñas (Ourense)
- Avida. Castilla-La Mancha, nº 11 (CABANILLAS DEL CAMPO) Vigo

MÁIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL

Servizos socio-sanitarios

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social con dúas liñas de actividade: servizos de atención socio sanitaria e servizos auxiliares a empresas e organizáons.

Centros de traballo:

- Centro de recursos de Nantón Lugar da Pedra, 30, Cabana de Bergantiños, A Coruña

PRODUTORES DE CARNE DA RIBEIRA SACRA

Alimentación e restauración | Producción e comercialización de carne e derivados

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado á cría de gando con venda por xunto dos produtos derivados, así como comercialización directa en carnicería propia.

Centros de traballo:

- Carretera de Currelos ,S/N Monforte de Lemos, Lugo

TRAMEVE

Medio ambiente | Centro de tratamiento de vehículos

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social cualificado como centro de tratamiento de vehículos fóra de uso por sinistro ou fin de vida útil (C.A.T).

Centros de traballo:

- Vía La Cierva, 90 Pol. Tambre, Santiago de Compostela, A Coruña
- Avenida do Cruceiro da Coruña, 141 - A PULLEIRA - 15890 Santiago de Compostela

TRÉBORE XARDINERÍA

Medio ambiente | Xardinería

Xardinería tanto pública como privada, así como producción e cultivo de plantas ornamentais en maceta, para a comercialización no mercado almacenista.

Centros de traballo:

- Calle Curros Enríquez, 120, San Cosme de Maianca, Mera, Oleiros 15177; A Coruña
- Chan de Paisais. Aldea de Vigo Pol. Picaraña, 15980 Padrón, A Coruña

TALLERES TRÉBORE

Varios | Limpeza e agasallos de empresa

Ligado á Fundación Paideia dedicado a dúas áreas: servizo de mantemento e limpeza de edificios e deseño gráfico e agasallo de empresa.

Centros de traballo:

- Polígono de Pocomaco, Quinta Avenida Nº 91, 15190, A Coruña
- Rúa Riego de Auga nº 13-15 1º, 15001, A Coruña.

VIVEIROS VALADARES

Medio ambiente | Xardinería e viveiros

Centro especial de emprego sen ánimo de lucro de iniciativa social dedicado a servizos de xardinería. Tamén xestiona varios invernadoiros a través dos cales produce e comercializa plantas, arbustos e árbores.

Centros de traballo:

- Lamas de Castelo, Carnota, Lugar de Touzas, S/N, Valadares, Outes, A Coruña

IV. OS NOSOS SERVIZOS

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Nas nosas oficinas, ofrecemos apoio ás iniciativas empresariais, así como desenvolvemos a actividade administrativa e técnica da entidade, facilitando asesoramento sobre axudas, lexislación, proxectos e atención de consultas. Accións concretas que desenvolvemos neste ámbito son:

- Informar e asesorar de xeito integral as persoas, entidades, centros especiais de emprego asociados e outros axentes que contactaron con Cegasal
- Mellorar a interrelación dos centros especiais de emprego asociados e o resto de axentes da contorna.
- Contribuír á proxección e posta en valor do sector da Economía Social na opinión pública, tanto a nivel social, empresarial como institucional, entre outros, a través dos medios de comunicación.
- Visibilizar e potenciar cadeas de valor responsable cos centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo.
- Promover a responsabilidade social empresarial (creación da Rede Cegasal Inclúe)
- Fomentar a contratación de persoas con discapacidade, tanto no mercado protexido como na empresa ordinaria
- Realizar tarefas de representación institucional, diálogo social e potenciar a interlocución con axentes colaboradores.
- Promover a implementación da Axenda para o Emprego: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Promover a implementación da Estratexia Galega de Discapacidade: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e facilitar o seu acceso ao mercado laboral.
- Potenciar a relación e coordinación con redes que perseguen obxectivos semellantes, en distintos ámbitos.

INTEGRACIÓN VERTICAL

Participamos en diferentes foros e entidades asociativas a nivel nacional e autonómico, o cal nos permite ter a capacidade de responder con maior rapidez ás necesidades das nosas entidades asociadas.

A nivel autonómico estamos presentes en:

- Confederación de Empresarios de Galicia.
- Círculo de Empresarios de Galicia.
- Rede Eusumo.
- Foro pola Economía Social Galega.
- CERMI Galicia
- Cámara de Comercio de Coruña

A nivel estatal estamos presentes en:

- AECEMCO. Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego.
- FEACEM. Federación Empresarial de Asociacións de Centros Especiais de Emprego.

FORMACIÓN

Durante o 2022, para dar resposta ás necesidades do sector na área de formación nesta ocasión asinouse un convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade Convenio. A finalidade última que se persegue coa subscrpción deste convenio foi facilitar que o procedemento de **avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral** sexa coñecido e valorado por empresas e traballadores e traballadoras como un elemento esencial para a mellora da cualificación da poboación activa, e paso previo para a súa incorporación á formación permanente dos traballadores.

Unha vez asinado o Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, CEGASAL púxose en marcha coas súas obrigas con acción de sensibilización, difusión, captación e inscrición de candidatos, ocupados e desempregados, no procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral e a formación non formal, con toda a infraestrutura necesaria para poder atender ás persoas e empresas interesadas.

Tamén no ámbito da formación CEGASAL constituíu a principios do 2022 a **Unidade de Muller e Discapacidade** co fin de desenvolver actividades relacionadas co principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no eido laboral. Esta unidade, que

estivo activa durante todo o ano, prestou servizos de formación e asesoramento en materia de igualdade laboral a todas as persoas traballadoras das entidades asociadas.

Con esta nova estrutura, Cegasal quere contribuír de maneira activa á integración efectiva da igualdade laboral nos centros especiais de emprego de iniciativa social (CEEIS) e impulsar coas entidades a detección de situacións de discriminación. A realidade amosa que as mulleres con discapacidade están expostas a unha dobre discriminación: por ser muller e por ter discapacidade, con efectos moi negativos para as mulleres que a sofren.

Unha das formacións levadas a cabo foi a “Elaboración de plans de igualdade nos CEEIS”, a formación estivo dirixida ás xerencias é técnicos de Recursos Humanos dos centros especiais de emprego de iniciativa social co obxectivo de dotalas dos coñecementos e habilidades técnicas necesarias para elaborar un plan de igualdade. Así mesmo, recibiron información sobre as medidas vinculadas aos diferentes aspectos de igualdade laboral na empresa para que poidan aplicalas ás súas entidades a ao seu día a día.

COLABORACIÓN EMPRESARIAL

Mediante a materialización de acordos ou actividades que melloran a competitividade dos centros especiais de emprego asociados, adoptamos distintos tipos de cooperación segundo o obxectivo económico ou social a alcanzar.

- Convenios de colaboración.
- Acordos de cooperación con provedores.
- Intercambios.

En 2022 firmamos un novo convenio de colaboración con Janssen.

PROXECTOS DE IMPACTO SOCIAL

Dende CEGASAL impulsamos proxectos en colaboración con entidades públicas e privadas para favorecer as condicións socio laborais das persoas con discapacidade en Galicia.

OUTRAS ACTIVIDADES

- 1. Participación en grupos de trabajo de organismos públicos.** En concreto en:
 - I. Consello Galego de Acción Voluntaria.
 - II. Rede Eusumo.
 - III. Consello Galego de Benestar Social.
 - IV. Consello Galego de Relacións Laborais.
 - V. Consello da Economía Social de Galicia. Comisión de seguimiento de reservas de contratos.

2. Entrega dos Premios CEGASAL á Mellor Información sobre Economía Social:

En 2022 a gala de entrega de premios coincidiu co 25 aniversario da entidade.

Hai 25 anos, tres entidades con sede en Santiago de Compostela, Cogami, Faxpg e Fademga, decidiron unir as súas forzas e crear unha asociación que representase e promocionase os intereses dos centros especiais de emprego de iniciativa social, tamén coñecidos como sen ánimo de lucro. Hoxe, a asociación que preside José Antonio Vázquez Freire xa forma parte do tecido social e económico da autonomía e, desde esa consolidación, premia ano tras ano a persoas, institucións e empresas que destacaron polo seu apoio aos principios fundacionais de Cegasal.

Destacadas personalidades do mundo político e empresarial déronse cita no Teatro Principal no evento de aniversario, a gala comezou co galardón na categoría de Administración Autonómica, que este ano recae na Consellería de Política Social, cuxa titular, Fabiola García, realizou unha aposta sen precedentes pola economía social, destacando o volume de traballo encargado en 2021 aos centros especiais de emprego de iniciativa social. A conselleira será a encargada de recoller este premio e contará coa presenza de todo o seu equipo, claramente implicado en promover o emprego na discapacidade.

No apartado de Administración Local, o premiado foi o Concello de Lugo, que non é o primeiro ano que goza desta distinción xa que, coa alcaldesa Lara Méndez á cabeza, o seu compromiso coa integración laboral é firme desde hai anos e crece cada día.



A empresa lucense Industrial Recense, pola súa banda, foi a distinguida nesta edición. Non só pola carga de traballo aos centros de Cegasal, que tamén, senón por ser un exemplo de boas prácticas empresariais e responsabilidade social corporativa. Esta firma de Lugo está especializada en dar resposta aos novos retos na construción.

O alcalde de Carballo foi o encargado de pechar o primeiro bloque de premiados. Evencio Ferreiro, que xa recolleu o Premio Cegasal o ano pasado pola contribución da súa Concello ao emprego da discapacidade, recibe neste 2022 un galardón á súa traxectoria persoal, ao seu apoio aos que teñen máis difícil a súa incorporación ao undo laboral. Ferreiro é un exemplo de compromiso ao longo de toda a súa traxectoria pública. Os Premios Cegasal comenzaron a entregarse fai cinco anos para recompensar aos xornalistas que destacasen polo seu especial apoio ás persoas con discapacidade. O traballo dos profesionais dos medios é fundamental para dar visibilidade, o que permite normalizar o emprego inclusivo e poñer en valor as capacidades das persoas con discapacidade. Este ano, os premios recaeron en TVE-Galicia polo traballo “Enfermidade mental e emprego”, da xornalista Matilde Vázquez e o reporteiro gráfico Carlos Purriños, e en Monchi Sánchez, Xefa da Sección de Local do diario ourensán La Región, polo reportaxe “Jardines para cultivar otra vida”, centrado nos traballadores de Aspamadis.



Ademais, o xornalista Joel Gómez, de La Voz de Galicia, verá recoñecida a súa traxectoria de case 30 anos informando neste xornal, a maior parte deste tempo desde Santiago, sobre iniciativas de economía social. Gómez deu voz e visibilidade ao longo deste tempo a numerosas persoas vinculadas ao mundo da discapacidade ou do emprego inclusivo.

3. Exposición fotográfica:

Esta mostra estivo exposta en distintos concello da provincia de Lugo. A xira lucense da mostra, composta por imaxes en gran formato do coruñés Diego Silva e de Alberto Mirás, afincado en Pontevedra, visitou diferentes centros de emprego, para achegar aos visitantes da exposición a labor que neles se realiza., é froito da colaboración da Asociación de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Deputación de Lugo, que se marcaron como obxectivo dar a coñecer o labor que realizan as empresas de iniciativa social e a importancia de fomentar o emprego entre as persoas con discapacidade, cuxa taxa de paro é moi elevada polos problemas aos que se enfrentan á hora de acceder ao mercado laboral “tradicional”.

Esta iniciativa pretende poñer en valor o traballo que realizan as empresas de iniciativa social, destacando ao mesmo tempo as capacidades dos traballadores que conforman os seus persoais.



José Antonio Vázquez, Carlos López, María Xosefa Ortiz de Galisteo, Roberto García e Silvia Alende.

4. Rolda institucional: Durante este ano foron varias as xuntanzas integradas nesta rolda institucional, solicitouse xuntanza coa administración galega e expúxose o plan de actividades da entidade, así como ás peticións concretas do sector e se deu visibilización do mercado protexido naquelas nas Cegasal foi recibido. Por outra banda, buscouse entre as administracións aliados para o cumprimento da nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, na que finalmente se recolle a diferencia entre centros especiais con e de iniciativa social e emprendemento colectivo (teima de CEGASAL dende os seus inicios). Con motivo da xuntanza, foi entregada documentación así como a guía de empresas que elabora Cegasal coa relación de centros especiais de emprego de iniciativa social e emprendemento colectivo asociados, a fin de potenciar a contratación reservada a este tipo de iniciativas empresariais.



5. Participación nas actividades promovidas polo ForoESgal:

I. 10º Aniversario Lei da Economía Social

O 17 marzo acudimos á conmemoración do décimo aniversario da Lei da Economía Social desenvolvido no Centro Reina Sofía de Madrid organizado por CEPES coa colaboración do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



II. Presentación do Informe do Impacto Socioeconómico da ES galega

A economía social (ES) contribúe a un crecemento inclusivo e á redución das desigualdades, presentando máis estabilidade do emprego, niveis salariais superiores e menor dispersión salarial. Así se desprende das conclusión reflectidas no Primeiro Estudo sobre o Impacto Socioeconómico dos Principios e Valores da Economía Social Galega encargado por ForoESgal e presentado o 4 de maio en Santiago de Compostela.



O informe constata que os beneficios totais netos (directos e indirectos) que achegan á sociedade os principios da ES galega cífranse en 851,2 millóns de euros anuais. O evento contou co apoio de Cajamar, CaixaRural Galega e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

III. Presentación do Manifesto da Economía Social

O 6 de xuño, na sede da Fundación Laboral da Construcción en Santiago de Compostela, participamos na presentación do Manifesto en favor da Economía Social, organizado polo concello de Santiago e o Ministerio de Traballo e Economía Social. O texto repasa os valores e principios que rexen este modelo económico. Ao evento asistiron, ademais da vicepresidenta segunda e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz; Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela; Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia de Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia; María Jesús Lorenzana, conselleira de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia; Maravillas Espín Sáez, directora xeral de Trabajo Autónomo, Economía Social y RSE, do Ministerio de Trabajo y Economía Social; Covadonga Toca Carús, directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia; José Miñones, delegado do Goberno ou Juan A. Pedreño, presidente de CEPES, entre outros.



Ademais desenvolveuse un acto de homenaxe a dúas figuras históricas da economía social galega: José Montes e José A. Vázquez.



IV. Día da Economía Social Galega

O 2 de novembro celebrouse a I edición do Día da Economía Social Galega, en Santiago de Compostela. Unha xornada dirixida a reivindicar e visibilizar a importancia e gran achega que supón a economía social á xeneralidade da sociedade. Desenvolvéronse tres mesas redondas e 5 grupos de traballo. A primeira mesa centrouse nas singularidades da ES e as sinerxías no territorio, a segunda, na consideración da ES como unha oportunidade para crecer e a terceira, moderada pola xornalista da TVG, Irene Lourido, onde o cineasta Oliver Laxe comentou as

experiencias vividas arredor da rodaxe da reportaxe da gandería heroica dos Ancares, unha nova forma de visibilización da ES.



Os grupos de traballo articuláronse arredor da agroalimentación, as industrias culturais, as comunidades enerxéticas, a economía dos coidados e a circular e de xestión de residuos. Organizouse tamén un showcooking, a cargo da cociñeira Estrella Michelin, Lucía Freitas e houbo actuacións musicais a cargo de Silvia Penide e Zeltia Irevire

CANAL RESPONSABLE

Dende marzo do 2020, CEGASAL conta cun Servicio de buzón de denuncias, unha ferramenta tecnolóxica ó servizo de todos, que permite una xestión sinxela, económica e automatizada do canal ético ou de denuncias que debe formar parte do Programa de Cumprimento Normativo das persoas xurídicas.

Tratase dun servicio personalizado mediante o que se pode administrar, en tempo real e de maneira moi simplificada, as denuncias, reclamacións ou suxerencias que se formulan a entidade como consecuencia da súa actividade, o que permite verificar o cumprimento da legalidade e previr delitos.

CEGASAL da acceso o seu canal de denuncias a través da súa páxina web.



O canal recoñece a protección da identidade dos denunciantes de boa fe, e garantiza a confidencialidade das informacións facilitadas que serán analizadas por órgano competente da entidade, encargado de velar, controlar e supervisar o incumplimiento da normativa interna e externa de aplicación.

ACTIVIDADES PROMOCIONAIS

I. Campaña de comunicación

Contratouse unha campaña de comunicación para Cegasal ao longo do ano para dar maior visibilidade da organización e incidencia na opinión pública sobre o emprego das persoas con discapacidade, a economía social, a responsabilidade social empresarial, os centros especiais de emprego entre outras. Dita campaña que contribúe e complementa as tarefas de difusión que se realizan a nivel xeral pola organización, denominouse “Asesoramento en Comunicación para a promoción de centros especiais de emprego”, e foi concertada coa profesional Mar Bermúdez Pérez. Colexiada número 0779 del Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que conta coa experiencia e traxectoria necesarias para garantir a maior eficacia.

A campaña buscaba o relanzamento e posicionamento estratégicos nas materias propias como é o sector dos centros especiais de emprego de iniciativa social, o emprego das persoas con discapacidade, a economía social ou a responsabilidade social empresarial entre outras.

Incorporou durante os meses nos que estivo vixente os seguintes servizos: notas de prensa, entrevistas, reportaxes, roldas de prensa, atención personalizada aos medios, clipping dixital de medios, reforzo promocional en redes sociais e web, coordinación con gabinetes de comunicación e análise do impacto da actividade realizada.

II. Servizos profesionais de fotografía

Como complemento ás accións de visibilización no programa de promoción de centros especiais de emprego, concertamos con profesionais especializados a realización de reportaxes fotográficos para cubrir os eventos principais de Cegasal, así como cubrir as demandas de imaxe dos distintos centros asociados e dotalos de recursos gráficos, tanto para Cegasal como para os propios centros especiais de emprego para que poidan reutilizalos noutros formatos.

Cegasal utiizará estas imaxes a fin de conseguir maior impacto nas súas actividades, dar maior difusión e visibilizar aos centros asociados, e utilizará os mesmos nas ferramentas que poña a súa disposición, principalmente na páxina web e redes sociais, presentacións públicas, powerpoint internos, guía de empresas e outros materiais que dispuxo adquirir.

Ditos servizos foron concertados coa profesional Silvia Pérez Bugallo, que conta cos coñecementos, habilidades e sensibilidade cara o mundo da discapacidade axeitados ás esixencias de Cegasal, evitando mensaxes paternalistas, asistencialistas e promovendo imaxes en positivo. A continuación, unha mostra das reportaxes fotográficas realizadas:



Hornos Lamastelle

III. Ensino socialmente responsable:

Co dobre obxectivo de contribuír a un ensino socialmente responsable e de integrar aos máis novos nos actos do 25 aniversario da súa constitución, a Asociación Galega de Centros Especiais de Iniciativa Social (Cegasal) celebrou no IES San Simón de Redondela unha xornada dedicada á economía social. Esta iniciativa, que comezou coa charla dunha responsable da organización sen ánimo de lucro e continuou cun vídeo e un debate cos alumnos, ampliarase ao longo de 2022 a outros centros escolares para dar a coñecer aos estudiantes as implicacións dunha economía sostible e solidaria.

Cegasal explicou aos xóvenes en que consiste o modelo “sen ánimo de lucro ou de iniciativa social” que representan os centros de traballo da asociación e por que é necesario ofrecer oportunidades de traballo ás persoas con discapacidade, que tan difícil téñeno no mercado laboral ordinario.

Co exemplo práctico dun centro especial de emprego (CEE) e dos beneficios que ten para as persoas con discapacidade, para as empresas que o contratan e para a sociedade en xeral, os mozos, de entre 14 e 15 anos, entenderon por que este tipo de empresas, que empregan a máis dun 99% de traballadores con discapacidade, “axudan a crear unha sociedade más xusta e igualitaria, contribúen ao crecemento económico intelixente, sostible e integrador e enriquecen a visión global das empresas, achegando valores e facendo que o traballo sexa máis diverso e integrador”.

V. REDE CEGASAL INCLÚE

A **REDE CEGASAL INCLÚE** é un punto de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade atópanse entre os seus grupos de interese, é dicir, manteñen un compromiso con este colectivo na súa xestión, ben como empregadores e/ou compradores, provedores de produtos e servizos,...

A REDE CEGASAL INCLÚE nace para dar a coñecer boas prácticas e fomentar unha nova cultura empresarial inclusiva que entende a diversidade como un activo xerador de valor social e económico. A REDE CEGASAL INCLÚE pretende visibilizar a empresas e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades, que co seu bo facer contribúen ao cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio. Durante o 2021, sete novos empresarios únronse o espazo de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade se encuentran entre os seus grupos de interese creado por CEGASAL no 2018.



Empresas

A REDE CEGASAL INCLÚE



VI. ACTIVIDADES A PROL DA ECONOMÍA SOCIAL

ENCONTROS TECENDO REDES

CEGASAL celebrou encontros entre entidades de economía social dirixidas á mellora da xestión, os intercambios comerciais, a intercooperación para a posta en marcha de actividades, a obtención de financiación e outras que contribuirán de maneira directa á consolidación dos proxectos de economía social.

Estes encontros centráronse nas cuestións que máis repercuten actualmente na viabilidade dun centro especial de emprego de iniciativa social e polo tanto na creación e estabilidade do emprego de persoas con discapacidade. Cuestións que entendemos teñen unha importante capacidade de impacto e especial potencialidade para xerar emprego, singularmente nos colectivos más desfavorecidos e emprego feminino.

Os retos económicos e sociais non lles son alleos aos centros especiais de emprego de iniciativa social; ao contrario, polos ámbitos de actividade maioritarios, están a sufrir en maior medida as consecuencias da crise económica e, por conseguinte, sofren un maior risco de perda de emprego, precisamente de traballadores con discapacidade que son un colectivo de especial vulnerabilidade para o emprego.

Para impulsar a función social dos CEEIS e, fundamentalmente, preservar o emprego e xerar máis oportunidades laborais para as persoas con discapacidade desde un enfoque de desenvolvemento social e económico sostible consideramos más necesario que nunca a intercooperación e a converxencia de sinerxías en materias de vital importancia como son a contratación e a responsabilidade

social corporativa.

Para nós, practicar a transparencia en cada unha das accións que levamos a cabo é un mandamento prioritario, neste apartado a centrámonos en encontros para artellar centros con perspectiva de transparencia: compliance e boas prácticas aparelladas á economía social.



VII. FERRAMENTAS DE CEGASAL

- Guía de empresas: Compendio das empresas asociadas:
<https://cegasal.com/arquivo/recursos/Guia%20CEGASAL%20WEB%20DEF.pdf>



VIII. FINANCIAMENTO PÚBLICO E PRIVADO

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Subvencións ás entidades colaboradoras da rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2021 e 2022.

Importe: 22.500€ (a executar dende 1-10-21 ó 30-9-22)

Importe a imputar ó 2022: 12.496,16€

- Subvencións ás entidades colaboradoras da rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2022 e 2023.

Importe: 22.060€ (a executar dende 1-10-22 ó 30-9-23)

Importe a imputar ó 2022: 22.060€

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Importe: 26.855,43€ (a executar dende 1-9-21 ó 30-8-22)

Importe a imputar ó 2022: 17.927,47€

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.

Importe: 28.911,63€ (a executar dende 1-9-22 ó 30-8-23)

Importe a imputar ó 2022: 9.637,21€

- Subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2022.

Importe: 34.291,66 (a executar dende 1-10-21 ó 30-9-22)

Importe a imputar a 2022: 27.625,19€

- Subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2023.

Pendente de resolución

Solicitud: 35.000€

Importe a imputar a 2022: 4.791,91€

- Convenio coa Dirección Xeral de Relacións Laborais para a creación da Unidade de Muller e Discapacidade de Cegasal.

Importe: 20.658,20€ (facturado directamente pola empresa externa contratada por Cegasal á DX de relacións laborais)

DEPUTACIÓN DE LUGO

- Contrato menor co obxecto da contratación de Xornada de formación relacionada cos Centros Especiais de Emprego e a exposición fotográfica sobre os centros de emprego e as persoas que traballan nelas, en 6 localidades.

Importe: 14.950,00 €

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Convenio para a difusión, información e orientación do procedemento de avaliación e recoñecemento da cualificación profesional adquirida pola experiencia laboral no ámbito da comunidade autónoma de Galicia financiado polo ministerio de educación e formación Profesional no marco do plan de recuperación, transformación y Resiliencia e pola unión europea

Importe: 5.327€

CEPES

- Subvención dirixida a entidades e empresas de economía social para a mellora da Competitividade de Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social a través de Planes de Acción para incrementar el Éxito en la Consecución de Contratos con Reserva de mercado (POISES)

Importe: 27.135€

Importe a imputar a 2022: 12.862€

Convenios de colaboración:

- FOROESGAL: A entidade colaboradora e a entidade colaborada acordan establecer unha cooperación co fin de desenvolver actividades propias dos seus fins estatutarios.

Importe: 10.446,8€

- Erit-Itinera SL: Convenio de colaboración entre a entidade colaboradora, CEGASAL, e a entidade colaborada, ITINERA no que se acordan co fin de desenvolver actividades propias dos seus fins estatutarios

Importe: 1.562,00 €

CAIXABANK

Axuda para a mellora da competitividade de Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social de Galicia a través de plans de acción para incrementar o éxito na consecución de contratos con reserva de mercado.

Importe: 5.538€

Importe imputado a 2022: 2.947,81€

DOAZONS

- Fundación mahou:
Importe: 1.500€
- Eligeplus slu
Importe: 1.500€
- Hornos lamastelle S.A
Importe: 1.500€
- Esqueiro:
Importe: 2.000€
- Aratel energias renovables:
Importe: 2.000€
- Grupo arrate sl:
Importe: 2.000€
- Janssen General services
Importe: 10.000 €
- Caixa Rural:
Importe: 2.000€

Un total de 22.500€



IX. O FOCO NA SOSTIBILIDADE

En setembro de 2015, Nacións Unidas adoptou un conxunto de 17 obxectivos xerais e 169 metas para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, dentro da nova axenda de desenvolvemento sostible. Son os coñecidos como Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

Os ODS deben terse en conta para avanzar cara un futuro onde a rendibilidade das empresas vaia da man da sostenibilidade social e ambiental. Esta ruta é común para todos os actores involucrados no desenvolvemento sostible, incluíndo gobernos, empresas privadas e sociedade civil.

En CEGASAL traballamos sobre a base do apoio mutuo, a responsabilidade social e a solidariedade. Todo isto nos leva a deseñar e executar proxectos para contribuír á construción e consolidación dunha economía inclusiva e sustentable.

Por tanto, somos conscientes da importancia de contribuír como entidade á consecución dos ODS. Por iso, na nosa memoria de actividades, para cada un dos capítulos, informamos da nosa contribución a determinadas metas concretas.

RELACIÓN COS NOSOS GRUPOS DE INTERESE

Os grupos de interese son todas aquelas persoas ou grupos de persoas que ben son afectadas pola actividade que desenvolve CEGASAL ou que ben a afectan directamente. Por iso, consideramos imprescindible a participación de todos eles nas diferentes etapas da nosa xestión. Os nosos grupos de interese foron identificados nun obradoiro realizado coas entidades de CEGASAL no marco deste proxecto.

Somos conscientes de que non podemos crear valor de forma sostible e afrontar os retos e oportunidades que xorden na nosa contorna se non se teñen en conta as súas necesidades e expectativas. En CEGASAL temos identificados oito grupos de interese, que están desagregados en diferentes niveis de interrelación.

Aministracións públicas

1. Xunta de Galicia

1. 1. Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- IGAPE

1.2. Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

1.3. Resto de consellerías

2. Concellos

3. Mancomunidades

4. Deputacións

5. Delegación do goberno

Tecido empresarial

1. Pemes

2. Grandes empresas

3. Rede CEGASAL INCLÚE

4. Círculos de empresarios

5. Cámaras de comercio

6. Confederacións de empresarios

7. Clientela dos asociados de CEGASAL

Diálogo social

1. Asociacións patronais

2. Sindicatos

Provedores

1. Entidades financeiras

2. Provedores de produtos/servizos

A familia da economía social

1. Foro da Economía Social de Galicia

2. Outras entidades da economía social galega

2. 1. Confrarías de pescadores

2.2. Asociacións

2.3. Mancomunidades de montes

2.4. Fundacións

2.5. Mutuas

2.6. Sociedades agrarias de transformación

3. Entidades asociativas da economía social a nivel nacional

Entidades socias de CEGASAL e futuras socias

1. Entidades asociadas actuais
2. CEE de iniciativa social susceptibles de ser asociados de CEGASAL
3. Galega de Economía social

Equipo humano

Sociedade civil

1. Medios de comunicación
2. Pessoas con discapacidade
3. Sociedade en xeral

As principais canles de comunicación cos nosos grupos de interese son a nosa páxina web, as redes sociais, as xuntanzas con entidades socias, a participación en reunións, foros, eventos... e, por suposto, esta primeira memoria de sostibilidade que nace co obxecto de render contas e ser transparente con todos estes colectivos que forman parte de CEGASAL.

CONEXIÓN
*Creamos conexións coas nosas redes
sociais*

TWITTER
@Cegasal_CEEIS
179 novos seguidores
Máis de 280 publicacións

FACEBOOK
<https://www.facebook.com/Cegasal>
423 novos seguidores
Máis de 280 publicacións

WEB
www.cegasal.com
Nova web
40.256 visitas

Dende CEGASAL traballamos para desenvolver proxectos vinculados aos aspectos materiais identificados como prioritarios para os centros especiais de emprego e os nosos grupos de interese. Estes aspectos, vinculados aos diferentes Obxectivos de Desenvolvemento Sostible son:



Ademais destes asuntos materiais prioritarios tamén desenvolvemos proxectos para contribuír a conseguir a igualdade de xénero, a mellorar a saúde das persoas con discapacidade e a reducir o noso impacto no planeta.



Enfócate Branding



X. O NOSO MODELO DE GOBERNANZA



Meta 16.6. Somos unha organización que cumplimos con todas as esixencias en materia de transparencia impulsadas polo goberno central e autonómico.

GOBIERNO CORPORATIVO

Os órganos de goberno constitúense arredor de dúas figuras, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así coma un órgano de control e supervisión. Este órgano está formado por organizacións sindicais e entidades promotoras dos CEEI.

A Xunta Directiva dirixe, goberna e administra a organización e está integrada por:

Presidente	José Antonio Vázquez Freire
Vicepresidente	Manuel Santos Lamas
Vicepresidenta 2	Menchu Iglesias Rey
Secretaria	Esther Blanco Araujo
Tesoureira	Silvia Alende Fandiño
Vogais	Bernaldo José Fernández Requeixo
	Rosa Gutiérrez Mougán
	Herminio Martínez Lago
	Ignacio Rodríguez Sáez

A Xunta Directiva de CEGASAL está composta por nove persoas, que contan cun asesor externo con voz pero sen voto. A composición é de un **60% de homes e un 40% de mulleres**. O **70% das persoas que a integran son persoas con discapacidade** fronte a un 30% que non posúen ningún tipo de discapacidade.

	XUNTA DIRECTIVA			
	Con Discapacidade		Sen Discapacidade	
	Home	Muller	Home	Muller
Menores de 25 anos	0%	0%	0%	0%
Entre 26 e 35 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 36 e 45 anos	20%	10%	10%	10%
Entre 46 e 55 anos	0%	10%	0%	0%
Entre 56 e 65 anos	20%	0%	10%	0%



EQUIPO TÉCNICO:

CEGASAL somos unha entidade pequena que contamos con **2 persoas traballadoras**, o **100% mulleres** que, grazas a súa profesionalidade e bo facer, son as artífices de que a asociación pouco a pouco aglutine a máis centros especiais de emprego. É aí reside o noso potencial, o de transformar o mercado de traballo das persoas con discapacidade a través de fomentar os CEEis entre o tecido empresarial.

O convenio colectivo de CEGASAL é o de oficinas e despachos, algo que garante que as nosas traballadoras teñan os mesmos dereitos laborais que persoas que traballen noutras organizacións do mesmo sector.

O perfil do noso cadro de persoal é:

SEXO		DISCAPACIDADE		IDADE		LUGAR RESIDENCIA	
Home	0	Con Discapacidade	1	Entre 26 e 35 anos	1	Área urbana	1
Muller	2	Sen Discapacidade	1	Entre 36 e 45 anos	1	Área periurbana	1
Totais	2	Totais	2	Totais	2	Totais	2

O lugar de residencia é importante dende o punto de vista de accesibilidade das persoas con discapacidade. No noso caso, ao ser unha entidade pequena, todas as persoas traballadoras se desprazan en vehículo privado polo que a incidencia do lugar de residencia a nivel de mobilidade non ten gran incidencia.

CALIDADE NO EMPREGO

As persoas que traballan en CEGASAL perciben uns salarios dignos en base ao nivel de vida da nosa comunidade, segundo o convenio colectivo aplicable.

FORMACIÓN

Para CEGASAL é moi importante contribuír activamente ao desenvolvemento profesional do seu cadro de persoal. Durante o 2022 non recibiron **formación**, relacionada con aspectos claves do seu posto de traballo.



- 01-12-2022 La primera jornada del Foro de RSC del Círculo analiza el papel de las fundaciones y la obra social empresarial en Galicia - Círculo de Empresarios
- 22-10-2022 Cegasal, premiada por su labor de inclusión - Mundiarío
- 21-10-2022 Emprego Social y Aixiña, premiados por su labor de inclusión - Economíaengalicia.com
- 23-09-2022 A mostra 'Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas' chega a Lugo - LugoXA
- 22-09-2022 Cegasal cierra con broche de oro su exposición sobre empleo y discapacidad - Mundiarío
- 22-09-2022 La Diputación de Lugo destaca el trabajo de Cegasal a favor de la inserción laboral de personas con discapacidad - GaliciaPress
- 22-09-2022 O Presidente inaugura unha xornada de análise sobre a situación laboral das persoas con discapacidade, colofón da mostra que a Deputación levou aos concellos da provincia - Deputación de Lugo
- 08-09-2022 A mostra 'Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas' chega ao Cenima de Foz - A Mariña Xa
- 08-09-2022 A mostra Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas poderase visitar en Foz grazas á Deputación - Deputación de Lugo
- 08-09-2022 Foz acoge la exposición "Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas"- Enfoques.gal
- 08-09-2022 Ata o 15 de setembro pódese visitar no Cenima, en Foz, a mostra itinerante "Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas" - Crónica 3.com
- 08-09-2022 Foz acolle a mostra da asociación CEGASAL para o fomento de emprego entre persoas en risco de exclusión e con discapacidade - Xornal da Mariña
- 08-09-2022 Chega aoo Cenima de Foz a mostra 'Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas' - Crónica 3.com
- 05-07-2022 Cegasal, mostra sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade, chegará a Sarria e Monforte - Xornal de Lemos
- 05-07-2022 A Deputación inaugura en Vilalba unha mostra sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade - TERRACHAXA (galiciaxa.com)
- 23-06-2022 Entrevistamos ao presidente de Cegasal, José Antonio Vázquez (santiagocapitaleconomiasocial.es)
- 06-06-
2022 <https://santiagocapitaleconomiasocial.es/actualidad/Entrevistamos%20ao%20presidente%20de%20Cegasal,%20Jos%C3%A9%20Antonio%20V%C3%A1zquez/><https://www.economiaengalicia.com/articulo/economia/diaz-destaca-relevancia-economia-social-galicia/20220606192024020961.html>
- 06-06-2022 Yolanda Díaz presenta el Manifiesto de la Economía Social en Galicia - YouTube
- 06-06-2022 Díaz apela a usar el Perte de economía social para ir "más allá" de un modelo "eficaz" que debe "ser más ambicioso" (galiciapress.es)
- 06-06-2022 La economía social: un modelo solidario comprometido con el empleo estable, la igualdad y el medio rural (elcorreogallego.es)
- 30-05-2022 La economía social dinamiza y eleva los sueldos de 40.000 ocupados en Galicia (elcorreogallego.es)
- 30-05-2022 Más de 3.650 empresas de economía social dinamizan la provincia (lavozdegalicia.es)

- 31-03-22.<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3515684/sergas-cegasal-colaboran-adaptar-insercion-laboral-personas-trastorno-mental-proceso-terapeutico>
- 31-03-22.<https://foropositores.com/temas/xunta-e-cegasal-colaboran-nun-proxecto-para-adaptar-a-insercion-laboral-das-persoas-con-trastorno-mental-ao-seu-proceso-terapeutico.48829/>
- 30-03-22 <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/67465/xunta-cegasal-colaboran-nun-proxecto-para-adaptar-insercion-laboral-das-persoas>
- 04-03-22https://www.cope.es/emisoras/galicia/ourense-provincia/ourense/noticias/cegasal-celebro-gala-aniversario-ourense-20220304_1949360
- 04-03-
22https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2022/03/05/piden-enfermeras-primaria-colegiosla-fiesta-conquista-social-termino-despedida/0003_20220305C4992.htm
- 04-03-22<https://www.mundiarario.com/articulo/euroregion/vazquez-freire-anuncia-despedida-gala-25-anos-cegasal/20220304171249237471.html>
- 04-03-22<https://www.youtube.com/watch?v=yEueo2pKJC8>
- 04-03-22<https://gcdiario.com/sociedad/267678-feijoo-defiende-el-compromiso-de-la-xunta-con-discapacidad-con-el-presupuesto-mas-alto-de-la-historia/>
- 04-03-22<https://www.laregion.es/articulo/ourense/cegasal-celebra-25-anos-entrega-premios/20220301221141111531.html>
- 04-03-
22<https://www.lavozdegalicia.es/album/ourense/ourense/2022/03/04/cegasal-celebro-bodas-plata/01101646421279983824274.htm>
- 04-03-22<https://www.elespanol.com/treintayseis/articulos/actualidad/feijoo-defiende-el-compromiso-de-la-xunta-con-la-discapacidad-donde-invertira-142-millones>
- 04-03-
22<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2022/03/01/evencio-ferrero-sera-homenajeado-cegasal-viernes-ourense/00031646154178164652592.htm>
- 04-03-22<https://www.servimedia.es/noticias/feijoo-destaca-apuesta-xunta-discapacidad-presupuesto-142-millones-euros/3027061>
- 04-03-22<https://www.economiaengalicia.com/articulo/eventos/gala-cegasal-reivindica-plena-inclusion-laboral-personas-discapacidad/20220304181704019980.html>
- 04-03-22<https://galego.farodevigo.es/ourense/2022/03/05/feijoo-anuncia-142-millones-2022-63454800.html>
- 04-03-22<https://www.laregion.es/articulo/ourense/25-anos-inclusion-social/202203042331281112272.html>
- 04-03-22<https://www.atlantico.net/articulo/galicia/25-anos-inclusion-social/20220304234851897550.html>
- 04-03-22<https://www.europapress.es/galicia/noticia-feijoo-defiende-compromiso-xunta-discapacidad-presupuesto-mas-alto-historia-20220304193030.html>
- 04-03-22<https://www.elcorreogallego.es/galicia/cegasal-cumple-25-anos-1800-empleos-32-centros-y-75-millones-facturados-JE9978597>
- https://www.mptfp.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/actualidad/notas_de_prensa/notas/2022/03/2022_03_04_03.html
- 04-03-22<https://fotos.europapress.es/fotonoticia/f4290747>

- 04-03-22<https://badalnovas.com/2022/03/05/manuel-baltar-reivindica-na-galo-do-25-aniversario-de-cegasal-a-importancia-da-insersion-laboral-das-pessoas-con-discapacidade-e-transcendental-no-desenrolo-dun-pais-moderno/>
- 04-03-22<https://galego.lavozdegalicia.es/noticia/sociedad/2022/03/01/premio-trayectoria-periodista-j Joel-gomez-voz/00031646154227563176524.htm>
- 04-03-22<https://otinteiro.com/2022/03/04/feijoo-destaca-en-ourense-el-compromiso-de-su-gobierno-con-la-discapacidad-con-una-aportacion-de-142me/>
- 04-03-22<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3477519/feijoo-defiende-compromiso-xunta-discapacidad-presupuesto-alto-historia>
- 04-03-22<https://onoticieiro.gal/deputacions/ourense-sera-o-eixo-da-economia-social-en-2022-coa-celebracion-do-25-aniversario-da-asociacion-galega-de-centros-especiais-de-emprego/>
- 04/03/2022 Entrega Premios Cegasal - Deputación de Ourense
- 04-03-22.https://www.laregion.es/articulo/ourense/25-anos-inclusion-social/202203042331281112272.html?utm_medium=social&utm_source=whatsapp&utm_campaign=share_button
- 24-02-22.https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/66383/xunta-aboga-por-implantacion-planes-igualdad-empresas-entidades-para-acabar-con?langId=es_ES
- 26-01-22.https://www.mundiario.com/articulo/euroregion/cegasal-y-la-caixa/20220126164834235007.html?utm_source=social&utm_medium=whatsapp&utm_campaign=share_button
- 26-01-22.<https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3419029/fundacion-caixa-ayuda-mejorar-empleo-personas-trastornos-salud-mental-colaborando-cegasal>
- 26-01-22.<https://www.economiaengalicia.com/articulo/empleo/cegasal-alia-fundacion-caixa-incrementar-empleo-personas-trastornos-mentales/20220126193614019615.html>
- 25-01-22 <https://www.farodevigo.es/faroeduca/2022/01/25/significa-economia-social-61912887.html>
- 18-01-2022. Claves de la economía social | La importancia de plantillas diversas (farodevigo.es)
- 18-01-22. 2022, el año del 25 aniversario de la fundación de Cegasal (mundiario.com)

CEGASAL